

+ Celebración: “DÍA DE MORTOS”

Esta é unha das festividades máis importantes para os mexicanos, incluso está declarada **Patrimonio Inmaterial da Humanidade** pola **UNESCO**. Para os mexicanos este día non é motivo de tristeza, todo o contrario, é unha data alegre na que recordan aos seus seres queridos. Son días cheos de cor, festa e tradición para compartir en familia.

Esta celebración ten lugar os días **1 e 2 de novembro** de cada ano. O día 1 recordan aos nenos e o día 2 aos adultos.

Recordamos: Un ano ten _____ meses e o mes de novembro e o número _____.

Neste calendario de 2020 busca que días da semana son o 1 e o 2 de novembro.

2020

XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL
S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S
1 2 3 4	1	1 2 3 4 5 6 7	1 2 3 4
5 6 7 8 9 10 11	2 3 4 5 6 7 8	8 9 10 11 12 13 14	5 6 7 8 9 10 11
12 13 14 15 16 17 18	9 10 11 12 13 14 15	15 16 17 18 19 20 21	12 13 14 15 16 17 18
19 20 21 22 23 24 25	16 17 18 19 20 21 22	22 23 24 25 26 27 28	19 20 21 22 23 24 25
26 27 28 29 30 31	23 24 25 26 27 28 29	29 30 31	26 27 28 29 30

MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO
S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S
1 2	1 2 3 4 5 6	1 2 3 4	1
3 4 5 6 7 8 9	7 8 9 10 11 12 13	5 6 7 8 9 10 11	2 3 4 5 6 7 8
10 11 12 13 14 15 16	14 15 16 17 18 19 20	12 13 14 15 16 17 18	9 10 11 12 13 14 15
17 18 19 20 21 22 23	21 22 23 24 25 26 27	19 20 21 22 23 24 25	16 17 18 19 20 21 22
24 25 26 27 28 29 30	28 29 30	26 27 28 29 30 31	23 24 25 26 27 28 29
31			30 31

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVIEMBRO	DECEMBRO
S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S	S M T W T F S
1 2 3 4 5	1 2 3	1 2 3 4 5 6 7	1 2 3 4 5
6 7 8 9 10 11 12	4 5 6 7 8 9 10	8 9 10 11 12 13 14	6 7 8 9 10 11 12
13 14 15 16 17 18 19	11 12 13 14 15 16 17	15 16 17 18 19 20 21	13 14 15 16 17 18 19
20 21 22 23 24 25 26	18 19 20 21 22 23 24	22 23 24 25 26 27 28	20 21 22 23 24 25 26
27 28 29 30	25 26 27 28 29 30 31	29 30	27 28 29 30 31

Durante estes días as familias mexicanas adoitan acudir aos *panteóns* a adornar con flores e ofrendas as tumbas dos seus seres queridos. Mentres, nas casas, colocan **altares de mortos** para que durante estes días as almas regresen do máis aló e visiten ás súas familias.

-Actividade: podemos comentar as similitudes e diferenzas coa celebración que se fai aquí deste día.

Os **altares de mortos** comezan a montarse dende o día *30 ou 31 de outubro* e permanece ata o *2 ou 3 de novembro*. Todo altar debe levar unha serie de **elementos**: (podedes ir véndoos na ilustración que vai a continuación da explicación)

1. **Arco**: Representa o mundo dos mortos. Adórnase con flores de cempasúchil.
2. **Auga**: Reflexa a pureza da alma e o ciclo continuo da vida.
3. **Niveis**: teñen polo menos dous niveis (a terra e o ceo).
4. **Copal ou Incenso**: purifica o ambiente.
5. **Fotografías**: no nivel máis alto colócanse as fotografías do defunto.
6. **Alimentos, froitas e bebidas**: as favoritas do defunto.
5. **Pan**: Alimento para las ánimas.
6. **Miniaturas**: de caveiras facendo cousas.
7. **Sal**: Simbolizala purificación dos espíritos.
8. **Flores**: O cempasúchil ,o seu aroma guía aos espíritos ao mundo dos vivos.

9. **Caveiras:** de azucre ou arxila. Moi coloridas.
10. **Pan de mortos:** con forma de bolo, está adornado con osos que forman unha cruz e unha bola arriba —o cranio—..
11. **Velas:** a luz guía para ás ánimas para que cheguen aos seus fogares.
12. **Papel picado:** Representa a alegría pola visita dos defuntos.
13. **Obxectos persoais:** Os máis queridos polos defuntos.

Extras: doces, útiles para o aseo, cruces, petates, ...

(información sacada da *Revista Muy Interesante*)



(Ilustración: Óscar Medina)

"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón



Localiza na imaxe:

- Marca cunha cruz o Arco de flores.
- Cantos vasos de auga hai?_____.
- Rodea o marco de fotos no que sale a muller.
- Cantos pans de morto hai na imaxe?_____.
- Rodea as velas.
- Cantas caveiras hai en total no altar?_____.
- Nomea ou sinala polo menos dous xoguetes do altar.
_____e _____.

Pois imos aproveitar o que estivemos a aprender sobre esta festividade, para facer unha nova e saborosa receita sacada da páxina *guiainfantil.com*...

o **PAN DE MORTO**.



INGREDIENTES:

- 500 gr de fariña
- 30 gr de levadura
- 225 gr de manteiga ou margarina
- 4 OVOS
- 75 ml de leite
- 150 gr de azucre
- Raiadura de 1 limón
- 1 cullerada de esencia de azar
- 1 cullerada de manteiga para decorar
- 50 gr de azucre para decorar

ELABORACIÓN:

1. Pon nun bol a fariña, o azucre, os 3 ovos e a ralladura de limón. Remove ben.
2. Por outro lado, mestura o leite e a levadura e engádeos ao bol. Engade a auga de azar e a manteiga e remove. Xa podes pasar a masa a unha superficie plana e amasar coas mans. Trabállaa ben para que se vaia endurecendo.
3. Cando estea compacta déixaa nun bol, tápaa cun trapo e deixa que repouse unha hora.
4. Volve a amasar e fai dúas bolas, unha máis grande que outra. Pon a grande sobre unha bandexa de forno previamente untada en manteiga.
5. Divide a bola pequena en anacos e amásaos dándolles forma de óso. Colócaos sobre a bola grande e deixa que repouse media hora.
6. Píntao con la xema dun ovo batido y enforna durante 20 o 25 minutos a 180º.

“As Catrinas”

Este personaxe xurdiu fai máis de cen anos como unha burla aos indíxenas mexicanos que se avergoñaban das súas orixes e costumes, e era coñecida polo nome de “La Calavera Garbancera”.



Pero foi con **Diego Rivera**, si si, o marido de Frida Kahlo, con quen acadou o seu máximo esplendor cando a introduce nun dos seus murais e a denomina “La Catrina”. Presta atención! Frida sae no mural, localízase e arredéase.



Hoxe en día as Catrinas represéntanse adornadas con fermosos sombreiros e flores.

COLOREA A CATRINA AO TEU GUSTO



“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

REPAÇA AS LINHAS DE PUNTOS



Ándele!



Busca na imaxe as letras da palabra Catrina.
Despois cópiaa e completa.




C	A	T	R	I	N	A
---	---	---	---	---	---	---

C		T	R		N	
---	--	---	---	--	---	--

C	A		R	I		A
---	---	--	---	---	--	---

	A	T			N	
--	---	---	--	--	---	--

Recorta as pezas do quebraCabezas e pégaas...



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

Recorta as pezas do quebraCabezas e pégaas...



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

Rodea a Caveira que é igual á do modelo:





Pon moita atención!!!

- Rodea de amarelo a caveira cun corazón na fronte.
- Rodea de vermello a caveira con cruces nos ollos.
- Rodea de azul as caveiras con flores nos ollos.
- Rodea de verde a caveira cunha cruz na fronte.

Cantas hai?



ARRODEA DE  AS CATRINAS QUE MIRAN CARA Á DEREITA E DE  AS QUE MIRAN CARA A ESQUERDA.



TACHA X AS CATRINAS QUE ESTEAN DENTRO DAS CAIXAS...



$$\begin{array}{r} -9 \\ 8 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -10 \\ 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -6 \\ 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -7 \\ 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -8 \\ 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -7 \\ 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -4 \\ 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -7 \\ 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -8 \\ 0 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -9 \\ 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -7 \\ 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -9 \\ 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -8 \\ 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -8 \\ 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -9 \\ 8 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -9 \\ 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -4 \\ 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} -9 \\ 7 \\ \hline \end{array}$$

Iniciación a la resta.

www.menudospeques.net

"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

COLOREA SEGUNDO OS NÚMEROS.



4



7



8



3



2



1



5



0




6



www.pffctm.com Recursos e información para docentes.

O corpo

Moi relacionado coas Catrinas está o tema do corpo humano. Imos repasar o que xa sabemos ao respecto.




Despois colorea de amarelo o pelo. A cara de color carne. Os brazos de azul claro. As pernas de verde. O tronco de morado.

Por último arrodea de laranxa as mans e de negro o pes.

-Escoitamos a *canción* “Chúmbala cachúmbala” (búscaa en YouTube)

“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

MONTA O TEU PROPIO ESQUELETO.



Recorta as pezas polas liñas de puntos. Necesitarás palomillas pequenas para unir os ósos.

Se non tes, simplemente recorta e pega as pezas montadas sobre unha cartolina negra.

Que é?

	MÉXICO	CACTUS	CHILE
	PONCHO	CATRINA	CACTUS
	CACAO	PIRÁMIDE	MOLE
	TEQUILA	TACO	CAVEIRA
	MARACA	CHILE	PONCHO
	TACO	MOLE	CATRINA